



30 DE XANEIRO. DÍA ESCOLAR POLA PAZ

Pasaron xa trinta anos desde que no Colexio Público García Barbón de Vigo, no ano 1983, se celebrara por primeira vez en Galicia o **Día Escolar pola Paz**, que fora instituído nos anos sesenta polo Inspector de educación mallorquín *Llorenç Vidal* como **Día Escolar de la No violencia y la Paz**, en conmemoración da morte de Mahatma Gandhi -hai agora 65 anos-, coa finalidade de sensibilizar a sociedade desde a escola sobre os valores da paz, dentro do amplo movemento de educación pola paz que se foi desenvolvendo ao longo do século XX.

Como dicía a primeira convocatoria pública lanzada por *Educadores e educadoras pola Paz* en 1984, esta data debe ser só un pretexto para proxectar a educación para a paz ao longo de todo o ano en todos os contextos da vida, para aprendermos a convivir afrontando os conflitos de forma non violenta.

Estamos nun momento en que a globalización neoliberal considera a educación unha mercadoría máis do mercado global, suxeita ás propias regras dos mercados.

Hai prevista unha reforma educativa que, no seu primeiro parágrafo, afirma que mellorar o sistema educativo é unha aposta polo crecemento económico e por conseguir vantaxes competitivas no mercado, e que o importante son os resultados e non os niveis de investimento, número de profesores, número de centros... e elimina a educación para a cidadanía.

A nosa posición non pode ser outra que mantérmonos firmes na defensa da educación como un dereito que non pode estar sometido ós vaivéns do mercado nin converterse nun ben de consumo a disposición de quen teña a posibilidade económica e queira consumilo. O dereito á educación, igual que outros fundamentais, debe estar garantido para todas as persoas, con independencia da súa procedencia social.

Ideas como o respecto, a convivencia democrática e os dereitos humanos deben fundamentar a educación para a paz. Escribía o noso compañeiro *Xesús R. Jares*, que os obxectivos e contidos prioritarios e imprescindibles en todo proxecto de educación para a paz son a autonomía e autoafirmación individual e colectiva, a tolerancia, a solidariedade e o afrontamento non violento dos conflitos.

Algunhas **citas**:

“... a educación para a convivencia debe realizarse desde e para os dereitos humanos.” (*Xesús R. Jares*)

“...Cando as circunstancias son máis difíciles, lonxe de retirarnos desilusionados, debemos responder con máis comprensión e máis tesón. A resignación e a indiferenza non son boas compañeiras de viaxe ante a dificultade. Non podemos esquecer como en tódolos períodos históricos houbo circunstancias obxectivamente difíciles superadas polo enxeño, a resistencia, a loita, a conciliación etc. Pero en ningún caso pola resignación e a indiferenza.” (*Xesús R. Jares*)

“...cultura de paz, que axuda ás persoas a desvelar criticamente a realidade, desigual, violenta, complexa e conflictiva para poder situarse ante ela e actuar en consecuencia” (*Xesús R. Jares*)

As distintas **propostas didácticas** que se viñeron realizando ao longo destes anos nos centros educativos son aplicables, coas debidas adaptacións, á realidade educativa de hoxe. Entre elas están:

- Referencia a personalidades pacifistas.
- Ideas fundamentais acerca da paz e a violencia.
- Textos literarios, poemas...
- Internacionalismo escolar, intercambios de centros de distintos países.
- Ensinanza e estudo dos documentos fundamentais: [Constitución](#), [Estatuto de Autonomía](#), [Declaración Universal dos Dereitos Humanos](#) (unha versión en galego)...
- Análise crítica e obxectiva de noticias.
- Representacións, danzas, elaboracións plásticas, cantigas ...
- Manifestos pola paz.
- Exposicións de materiais.
- Proxección de películas.
- Xogos, xornadas...

O grupo de **Educadores e educadoras pola paz** de **Nova Escola Galega** estamos traballando na organización dos **XXVII Encontros Galego-Portugueses** no mes de abril en Viana do Bolo, baixo a idea **A EDUCACIÓN EMOCIONAL EN TEMPOS DE CRISE**; sentimos a necesidade de aprendermos xuntos a combatermos os medos, as mentiras, os fundamentalismos, e sermos valentes ante as situacións que a vida nos presenta para transformármolos en axentes de esperanza concibida como necesidade vital. En tempos de globalización, se cadra os pequenos proxectos son os que poden axudarnos a mantermos a enerxía para continuarmos a querer e a loitar por un mundo mellor.

UNHA PROPOSTA ESTE ANO

Vén de rematar o ano do centenario de *Celso Emilio Ferreiro*, quen nos deixou o poema **“Irmaus”** que, musicado por *Xosé Luis Rivas (Mini)* é unha das cantigas máis utilizadas na celebración do **Día Escolar pola Paz** xunto co **“Imagine”** de *John Lennon*.

Do libro **“Viaxe ao país dos ananos”** escollemos o poema **“Agardarei”**, que musicara *Suso Vaamonde* e que se acaba de publicar na voz de *Xiana Lastra* en **“O meu primeiro Celso Emilio”** (*Xiana e Xosé Lastra*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo 2012. Biografía, antoloxía poética e oito poemas musicados e cantados, en CD).

*Teño o corazón senlleiro
e orfo na noite fría.
Non importa, agardarei
polo albor do novo día.*

*Está mudo o reixiñol
que outrora cantar solía.
Non importa, agardarei
polo albor do novo día.*

*Teño lobos, teño sombras,
teño a sorte fuxidía.
Non importa, agardarei
polo albor do novo día.*

*Que está comigo a esperanza,
fiando fía que fía...
Ela fía e eu confío
no albor do novo día.*



Para sabermos máis...

- **Educar para la paz en tiempos difíciles**, *Xesús R. Jares*, Bakeaz, Bilbao, 2004.
- **Educar para la verdad y la esperanza**, *Xesús R. Jares*, Ed. Popular, Madrid, 2005.
- **Pedagogía de la convivencia**, Ed. Graó, Barcelona 2006.
- **Técnicas e Xogos Cooperativos para todas as idades**, *Xesús R. Jares*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2005.
- **Aprender a convivir**, *Xesús R. Jares*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2001.
- **Educación e paz I, II e III**, *Xesús R. Jares*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2008.
- **Brétemas. Notas do traballo de edición**, Blog de *Manuel Bragado Rodríguez*, Vigo.